

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 23 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria para a autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado Cuale para o curso 2021/22.

Co obxecto de realizar a convocatoria para o curso 2021/22 de autorización do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado -Cuale- nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, esta secretaría xeral resolve anunciar:

Primeiro. Que a regulación e convocatoria de autorización do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado -Cuale- para o curso 2021/22 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade: <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

Segundo. Os centros que desexen implantar o programa Cuale deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> no programa correspondente Cuale.

Terceiro. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 10 de xuño de 2021.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

